

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*ORDE do 22 de decembro de 2016 pola que se declaran de utilidade pública as asociacións inscritas no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece a importancia do fenómeno asociativo coma instrumento de integración, participación e representación dos lexítimos intereses dos cidadáns, e con este obxecto prevé unha serie de medidas para facilitar o desenvolvemento das asociacións. Entre estas medidas de fomento recóllese a posibilidade de que as entidades asociativas sen fins de lucro poidan ser declaradas de utilidade pública.

En concreto, o artigo 32 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, sinala que, por iniciativa das correspondentes asociacións, a declaración de utilidade pública exige a concorrencia de determinados requisitos que, en esencia, consisten en que os seus fins estatutarios promovan o interese xeral, que a súa actividade non beneficie exclusivamente os asociados, que os membros dos órganos de representación que perciban retribucións non o fagan con cargo aos fondos públicos, que conten con medios axeitados e organización idónea para o cumprimento dos fins e, finalmente, que se atopen constituídas, inscritas e en funcionamento durante os dous anos anteriores á solicitude.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 157/2008, do 10 de xullo, sobre a asunción de funcións da Administración do Estado traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia mediante Real decreto 1080/2008, do 30 de xuño, en materia de declaración de utilidade pública de asociacións e aplicación dos beneficios fiscais, e sobre a súa asignación á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establece que para tramitar a solicitude e instruír o procedemento de declaración de utilidade pública será competente a persoa titular da citada consellería, logo da instrución do procedemento polo órgano que resulte competente por razón do rexistro en que estea inscrita a asociación solicitante.

En aplicación de esta normativa, e logo de solicitude de declaración de utilidade pública polas entidades interesadas, instruíronse os correspondentes expedientes administrativos seguindo as prescricións contidas no Real decreto 1740/2003, do 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública.



Constan nos ditos expedientes as memorias de actividades e demais documentos de obrigada achega polas interesadas, así como os informes dos departamentos e organismos competentes, e especialmente, o preceptivo informe favorable do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Logo do exame da normativa aplicable e da documentación que figura no expediente, ponse de manifesto que as entidades solicitantes reúnen os requisitos necesarios para obter a declaración de utilidade pública.

Na súa virtude, e ao abeiro das facultades previstas no Decreto 157/2008, do 10 de xullo, sobre a asunción de funcións da Administración do Estado traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia mediante Real decreto 1080/2008, do 30 de xuño, en materia de declaración de utilidade pública de asociacións

**RESOLVO:**

Declarar de utilidade pública as seguintes asociacións:

- Asociación de Ex-Alcohólicos Luis Miguel Morás, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2005/8486-1.
- Asociación Tesouros de Galicia, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2012/16439-1.
- Asociación Galega de Fibrose Quística, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2004/7448-1.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Con carácter previo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou esta orde, no prazo dun mes, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016

Alfonso Rueda Valenzuela  
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza

